



cantar  
delas

# MULLERES LIBRES, SEMPRE

9 marzo **LUGO** (Vello Cárcere ás 20:00)

17 marzo **GUITIRIZ** (Casa Habanera, ás 19:00h)

23 marzo **MONTERROSO** (Centro Sociocultural, ás 20:00h)

30 marzo **BARREIROS** (Centro Social de San Cosme, ás 19:00h)

Neste concerto facemos un percorrido pola música dende o Século XIII ata o século XX. Cada peza vai precedida dunha presentación de personaxes femininas que forman parte do imaxinario colectivo e están presentes nas nosas vidas sen saber, en moitos casos, quen foron e as razóns polas que pasaron á historia.

Queremos dar a coñecer estas mulleres, o seu papel no custionamento da orde social, na loita contra as inxustizas, os motivos polas que foron perseguidas nuns casos, vilipendiadas ou incomprendidas noutros.

Neste 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres reivindicamos ás que nos precederon, aquelas que abriron camiños ó longo dos séculos e que foron poñendo banzos nunha desigual escaleira que posibilitou chegar a onde hoxe estamos, lonxe aínda da igualdade real pero sen dúbida, camiño dela.

### S. XIII

**MARÍA BALTEIRA:** María Pérez, a Balteira, unha vida imprecisa entre a historia, a literatura e a lenda.

“Cantiga de Santa María nº 100”. Afonso X , o Sabio.

### S. XIV

**MARÍA CASTAÑA:** Unha rebelde do século XIV que se converteu nunha lenda popular.

"Quantas sabedes amar". Cantiga de Martim Codax.

### S. XV

**AS ABADESAS DE TRIVES:** Mulleres no exercicio do poder público, social e económico na Galicia medieval.

“Ay, Santa Maria”. Cancioneiro de Palacio (1474 – 1516)



## S XVI

**MARÍA PITA:** Heroína coruñesa célebre pola defensa da cidade fronte ós inglese.s.

"*Qué me queréis, caballero?*". Cancioneiro de Palacio (1474 – 1516)

## S. XVII

**MARÍA SOLIÑA:** Un tribunal inquisitorial condenouna e converteuse no símbolo do sufrimento do pobo.

"*Ecco il verno*". J. Brachrogge (1590 - 1638)

## S. XVIII

**AS MEIGAS:** As antigas custodias da sabedoría e menciña popular.

"*Romance da lavandeira*". Tradicional galega.

## S. XIX

**PEPA, A LOBA. AS SETE MULLERES DO MIÑO.** O río Miño une a afouteza feminina.

"*As sete mulheres do Minho*". Zeca Afonso.

**PARDO BAZÁN:** Loitadora pola igualdade nun mundo patriarcal: "*O encaixe roto*".

"*Os teus ollos*". Curros/Chané.

**ROSALÍA DE CASTRO.** Sentimento e rebeldía: "*Carta a Eduarda*".

"*Do mar pola orela*". Curros/Batallán.

## S.XX

**O COCIDO FAMILIAR. Núñez Singala.** Os coidados, labor invisible que non se valora.

"*Libre te quiero*". Agustín García Calvo / Javier Busto.

Narradora: Juncal Martínez Modia



DÍA

8 MARZO

INTERNACIONAL

DAS MULLERES



DEPUTACIÓN  
DE LUGO